

BECHOS

A xungla na casa

NUN FOGAR CALQUERA, DUNHA FAMILIA CALQUERA, NUN LUGAR CALQUERA... DIGAMOS QUE É O TEU! HAI MÁIS HABITANTES DOS QUE PARECE, E NON TODOS ESTÁN EMPADROADOS.

NON NECESITAS VIAXAR A UNHA SELVA REMOTA PARA CONTEMPLAR UNHA BIODIVERSIDADE ABRAIANTE. NIN SEQUERA TES QUE IR MOI LONXE. POR MOI LIMPA QUE ESTEA A TÚA CASA, NELA HABITAN CRIATURAS DE TODO TIPO, CHAMÉMOLAS «BECHOS».



A ALGÚNS, A MAIORÍA DELES, NON OS VERÁS, SON DEMASIADO PEQUENOS PARA OS NOSOS OLLOS. OUTROS SERÁN COMO PANTASMAS: CRERÁS QUE OS VES ANTES DA SÚA RÁPIDA FUXIDA AO SEU AGOCHO. E HAINOS QUE, POR MOITO QUE TE EMPEÑES, NON CONSEGUIRÁN O TÍTULO DE MASCOTA.

IMOS COÑECER UNS CANTOS DESTES BECHOS...

